

Cabalo baio, xinete pálido



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2021.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Irmás Cartoné, 2022

Título orixinal: *Pale Horse, Pale Rider*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

Copyright © 1939, 1937, 1936 by Katherine Anne Porter

Copyright © renewed 1967, 1965, 1964 by Katherine Anne Porter

ISBN: 978-84-121470-5-6

Dep. Legal: C 306-2022

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización expresa por escrito dos titulares do Copyright © da mesma.

KATHERINE ANNE PORTER

Cabalo baio, xinete pálido

Traducción de Celia Recarey Rendo



A Harrison Boone Porter

ÍNDICE

<i>A vella mortalidade</i>	II
<i>O viño do mediodía</i>	97
<i>Cabalo baió, xinete pálido</i>	177

A vella mortalidade

PRIMEIRA PARTE: 1885-1902

Era unha moza de aspecto vivaz, de cabelo crecho e escuro, coa raia a un lado, o rostro breve e ovalado, coas cellas rectas e a boca grande e curvada. Do colo da súa chaqueta negra axustada e abotoada sobresaía un colar branco, e uns puños brancos realzaban as mans ociosas, con fochiñas, que descansaban comodamente sobre os pregos da saia de volantes que se recollían atrás nun polisón. Estaba así sentada, para sempre na pose de ser fotografada, unha imaxe inmóbil no seu escuro marco de madeira de nogueira con follas de carballo de prata nas esquinas, e os risoños ollos grises que a seguían a unha pola estancia. Era un sorriso despreocupado e indiferente, un tanto perturbador para as súas sobriñas Maria e Miranda. Preguntábanse a miúdo por que todas as persoas adultas que miraban para o retrato dicían: «Que preciosidade» e por que todos os que a coñeceran a consideraban tan fermosa e encantadora.

Había unha especie de esvaída alegría no fondo, co seu vaso con flores e as cortinas de veludo, o tipo de vaso e de cortinas que xa ninguén tiña. A roupa nin sequera tiña un aspecto romántico, só terriblemente pasado de moda, e o conxunto todo ficaba asociado, nas mentes das rapazas,

con cousas mortas: o cheiro dos cigarros medicinais da avoa e dos seus mobles, que ulían a cera de abella, do seu anticuado perfume Flor de laranxeira. A muller do retrato fora a tía Amy, pero só era unha pantasma nun marco, e unha bonita e triste historia dos vellos tempos. Fora fermosa, moi amada, infeliz e morrera nova.

Maria e Miranda, de doce e oito anos, sabían que elas eran novas, aínda que sentían que levaban moito tempo vivido. Non viviran só os seus anos, senón que as súas lembranzas, ao seu parecer, comezaban moito antes de naceren, nas vidas dos adultos que as rodeaban, xente vella, de máis de corenta anos os máis deles, que tiñan tendencia a insistir en que tamén foran novos noutrora. Custaba crelo.

Seu pai era o irmán da tía Amy, Harry. Ela fora a súa irmá favorita. Por veces miraba a fotografía e dicía: «Non é moi boa. O cabelo e o sorriso eran os seus principais atractivos, e non se mostran para nada. Ademais, estaba moito máis delgada que aí. Nunca houbo mulleres gordas na familia, grazas a Deus».

Cando lle oían a seu pai dicir cousas así, Maria e Miranda só se preguntaban, sen ánimo crítico, que quería dicir. A súa avoa era fraca como un misto; os retratos de súa nai, que morrera había moito, revelaban que fora practicamente un fio. Elegantes mozas que, para abraio de Miranda, resultaban ser, coma ela, netas da súa avoa, viñan de visita durante as vacacións lucindo cinturas de dezaioito polgadas. Pero como explicaba seu pai a tía avoa Eliza, que entraba medio estrullada polas portas e que, cando sentaba, era toda ela un sólido monumento piramidal do chan ao pescozo? E a tía

avoa Keziah, de Kentucky? O seu marido, o tío avó John Jacob, negábase a deixala montar os seus cabalos bos des que acadara as duascenas vinte libras de peso. «Non», dicía o tío avó John Jacob, «non me morreu no peito o sentido da cabaleirosidade, pero tampouco o sentido común, por non falarmos da caridade cos nosos amigos non racionais. E o maior de todos eles é o da caridade.» Alguén lle suxe-riu ao tío avó John Jacob que a caridade debería impedirlle ferir a vaidade feminina da tía avoa Keziah con semellante comentario sobre a súa figura. «A vaidade feminina hase reponer», dixo o tío avó John Jacob sen piedade, «pero e os lombos dos meus cabalos? E se ela posúise a vaidade feminina axeitada para empezar, xamais acadaría semellante forma física.» Así pois, a tía Keziah era famosa polo seu peso, e acaso non pertencía ela á familia? Pero algo parecía pasarlle á memoria de seu pai cando pensaba nas mozas que coñecera na familia da súa xuventude e declaraba con rotundidade que foran todas, en todas as xeracións sen excepción, esveltas como xuncos e garridas como sílfides.

Aquela lealdade de seu pai ao seu ideal, malia as probas que demostraban o contrario, tiña as súas orixes no seu sentido da familia e nun amor polo lendario que compartía cos demais. A todos lles encantaba contar historias románticas e poéticas, ou cómicas cun humor romántico; non adornaban a circunstancia externa, era o sentimento o que importaba. Os seus corazóns e maxíns estaban cativados polo seu pasado, un pasado en que as consideracións mundanas tiveran un papel moi menor. As súas historias eran case sempre de amor, cun relucente e límpido firmamento de azul celestial como pano de fondo.

As fotografías, os retratos feitos por pintores ineptos coa clara intención de afagar e as prendas de festa pregadas entre herbas aromáticas e alcanfor eran unha decepción cando as rapazas trataban de encaixalas cos seres vivos que as palabras dos seus maiores crearan nas súas mentes. Dúas veces ao ano, a avoa, impulsada no máis fondo de si polo cambio de estación, pasaba case un día enteiro sentada a carón de vellos baúis e caixas no rocho, despregando capas de prendas e pequenos recordos; estendíaos sobre sabas colocadas no chan, arredor de si, e choraba ao ver certas cousas, case sempre as mesmas, volvendo mirar retratos gardados en fundas de veludo, desenvolvendo guedellas de cabelo e flores secas; choraba devagar, con facilidade, como se as bágoas fosen o único pracer que lle quedaba.

Se Maria e Miranda estaban moi caladas, e non tocaban nada até que llelo ofrecesen, podían sentar onda ela nestas ocasións, ou andaren a ir e vir. Había un acordo tácito de que a mágoa lle pertencía estritamente á avoa e non debía ser observada nin mencionada. As rapazas examinaban os obxectos un a un, e non os atopaban, en por si, impresionantes. Aquelas coroíñas e colares sen graza, algúns deles feitos de cunchas anacaradas; aqueles monllos de plumas de avestruz rosas para o cabelo comestas polas avelaíñas; aqueles grandes e bastos broches e brazaletes de ouro e esmalte de cores; aqueles peites de aspecto ridículo, de longos dentes coroados por alxofres e xemas de vidro. Miranda, sen saber por que, sentíase melancólica. Parecíalle unha mágoa que aquelas cousas esvaídas, aquelas longas luvas amarelentas e aquelas chinelas de satén deformadas, aquelas anchas fitas cuarteadas por onde estaban pregadas

fosen o único que aquelas mozas desaparecidas tiveran para se enfeitar. E onde estaban agora aquelas mozas, e os mozos con aqueles colos de camisa estraños? Os mozos parecían máis irreais aínda que as mozas, cos seus abrigos abotoados até arriba, as súas gravatas avultadas, os seus mostachos encerrados, o seu cabelo mesto e ondulado coidadosamente peiteado sobre a fronte. Quen podía tomalos en serio con aquela pinta?

Non, a Maria e a Miranda resultáballes imposible identificarse con aquela mocidade que sentaba tan irta ante a cámara, tan desesperadamente anticuada; pero o misterioso amor dos vivos, que lembraban e estimaban aqueles mortos, captaba e retiña a súa atención. Os vestixios visuais non eran nada: eran po, perecedoiro como a carne; as faccións estampadas en papel e metal non eran nada, pero a súa lembranza viva engaiolaba as rapazas. Escoitaban, todas oídos e ansiosas mentes, escollendo aquí e alá entre os cabos flotantes da narración, xuntando como podían re-trincos de contos que eran fragmentos de poesía ou música, que, de feito, estaban asociados coa poesía que oírán ou lerán, coa música, co teatro.

—Cóntame outra vez como marchou a tía Amy cando casou.

—Correu cara ao frío gris e subiu á carruaxe, virouse e sorriu cunha cara pálida como a morte e berrou: «Adeus, adeus!», e rexeitou a súa capa e dixo: «Dádeme unha copa de viño». E ningún de nós a volveu ver viva.

—E por que non quixo poñer a capa, prima Cora?

—Porque non estaba namorada, querida.

Así me ensinou a rumiar a ruína: que o tempo virá e levará o meu amor.*

—Era fermosa de verdade, tío Bill?

—Coma un anxo, miña nena.

Había anxos de cabelo dourado e longas saias plisadas azuis danzando arredor do trono da Virxe. Ningún deles se parecía no máis mínimo á tía Amy, nin ao tipo de beleza que lles ensinaran a admirar. Había elementos de beleza polos que unha era severamente xulgada. Primeiro, unha beleza debía ser alta; tivese os ollos da cor que os tivese, o cabelo tiña que ser escuro, canto máis escuro, mellor; a pel debía ser pálida e suave. A lixeireza e a rapidez de movementos eran elementos importantes. Unha beleza debía ser boa bailarina, excelente amazona, de maneiras serenas, cunha afable xovialidade temperada en todo momento pola dignidade. Debía ter, por suposto, mans e dentes bonitos e, por riba de todo isto, unha misteriosa coroa de encanto que atraese e retivese os corazóns. Era todo moi emocionante e desalentador.

Miranda seguiu crendo durante toda a súa infancia, que, malia a súa pequenez, a súa delgadeza, o seu nariciño arrichado zarrapicado de pencas, os seus ollos grises con manchas e as súas perrenchas habituais, por algún milagre, podería converterse nunha morena alta de pel cor crema, como a prima Isabel; decidiu vestir sempre un vestido de satén branco con cola. Maria, sisuda de nacemento, non se

* N. da T.: Cita do soneto número 64 de William Shakespeare.

facía semellantes ilusións. «Imos saír á familia de mamá», dicía. «É inútil, vai ser así. Nunca seremos fermosas, sempre teremos pencas. E ti», dicíalle a Miranda, «non tes bo carácter.»

Miranda recoñecía que había tanto verdade como xustiza nese desagradable comentario, pero en segredo seguía a crer que algún día, de súpeto, recibiría beleza, do mesmo xeito que, por herdanza, as riquezas lle caeran nas mans sen ela as merecer. Durante bastante tempo creu que algún día sería como a tía Amy, non como aparecía na fotografía, senón como era lembrada por quen a viran.

Cando a prima Isabel saía co seu cinguido traxe negro de montar, rodeada de homes novos, e montaba con elegancia, adiantándose e facendo xirar o seu cabalo de maneira que ficaba trotando destramente no sitio mentres os demais xinetes subían nas súas selas nunha mesma masa pachorrenta, o corazón de Miranda encollíase con tal agui-lloada de admiración, envexa e orgullo vicario que case doía; pero sempre había presente algunha persoa grande para botar un xerro de auga fría sobre as súas emocións: «Monta case tan ben coma Amy, non si? Pero Amy dominaba o estilo español puro, era quen de lle sacar a un cabalo pasos que ninguén sabía que tiña». A súa homónima nova, de camiño a un baile, percorría o salón bambeándose entre volantes de tafetá branco, escintilando como unha aveláña á luz da lámpada, cos cóbados apuntando para atrás, ríxidos como ás, deslizando como se fose en patíns, co andar de moda dos seus tempos. Considerábana a mellor danzarina en calquera festa, e Maria, aspirando a vaga de perfume que

Amy deixaba atrás, entrelazaba as mans e exclamaba: «Ai, canto me tarda ser grande!». Pero a xente grande concordaba en que a primeira Amy fora máis lixeira, máis fluída e delicada no seu xeito de bailar o valse; a nova Amy xamais a igualaría. A prima Molly Parrington, que había moito que deixara atrás a xuventude e, de feito, pertencía á xeración anterior á da tía Amy, era célebre polo seu encanto. Homes que a coñecían de toda a vida seguían a congregarse arredor dela, pois agora que estaba felizmente viúva por segunda vez non cabía dúbida de que volvería casar unha vez máis. Pero Amy, dicían os grandes, tiña o mesmo ánimo e o mesmo enxeño sen audacia, e o certo era que non se podía dicir que Molly fose discreta nunca. Tinguía o cabelo e facía bromas ao respecto. Tiña certo xeito de xuntar homes ao seu redor nun recanto onde lles contaba contos. Era unha nai desnaturalizada coa súa fea filla Eva, unha vella solteirona que pasaba dos corenta mentres súa nai seguía a ser a guapa do baile. «Lembre que naceu cando eu tiña quince anos», adoitaba dicir Molly sen vergoña fitando os ollos dun antigo namorado, lembrando ambos que el fora o padriño do seu primeiro casamento, cando pasaba dos vinte e un. «Todo o mundo me dicía que era como unha nena coa súa boneca.»

Eva, tímida e sen queixo, co labio superior estarricado sobre dous dentes enormes, sentaba nos curruchos, observando a súa nai. Parecía famenta, cos ollos forzados e cansos. Vestía a roupa vella de súa nai, refeita, e ensinaba latín nun colexio feminino. Cría no voto para a muller e viaxaba polo país dando discursos. Cando súa nai non estaba presente, Eva florecía un chisco, bailaba ben, sorría amosando

todos os dentes e era como unha plantiña baixo unha suave chuvisca. Molly estaba contenta co seu parruliño feo. «É unha sorte que a miña filla sexa solteirona. Así non ten tantas posibilidades», dicía, pícara, «de me facer avoa.» Eva ruborizábase como se lle desen unha labazada.

Eva era un croio, diso non cabía dúbida, pero as rapazas sentían que pertencía ao seu mundo cotián de leccións aburridas que aprender, zapatos ríxidos que amolecer, irritante flanela que aturar cando ía frío, sarampelo e decepcións. A súa tía Amy pertencía ao mundo da poesía. O romance do longo amor non correspondido que lle profesaba o tío Gabriel, a súa morte prematura, eran desas historias que se atopaban nos libros vellos: libros irreais pero certos, como a *Vita nuova*, os sonetos de Shakespeare e o *Canto nupcial* de Spenser, e mais os poemas de Edgar Allan Poe. «O seu atormentado espírito repousa, exánime, agora, esquecendo, ou sen saudades, das súas rosas...»^{*} Seu pai líalles iso e dicía: «Foi o noso maior poeta», e con ese «noso» sabían que quería dicir do Sur. A tía Amy era tan real como os retratos dos libros antigos sobre Holbein e Dürer. As rapazas deitábanse sobre a barriga e asomábanse a un mundo cheo de abraio pasando as follas gastas que se esfarelaban facilmente, sen se sorprenden ao ver a Nai de Deus sentada nun tronco a aleitar o Meniño; sen poñeren en dúbida que a Morte e o Diaño cabalgasen a carón do adusto cabaleiro; sen cuestionaren o decoro dos ríxidos vestidos das señoras da casa de *sir* Thomas More que sentaban no chan con dig-

* N. da T.: Cita inexacta do poema *Para Annie*, de Edgar Allan Poe (1809–1849). En realidade di «o meu atormentado espírito», non «o seu».

nidade, ou aparentándoa. Botaban en falta todos os espectáculos de cans e ponis, e as proxeccións da lanterna máxica, pero seu pai levounas ver *Hamlet* e *O amansar da fera*, e mais *Ricardo III*, e unha obra longa e triste na que saía María de Escocia. Miranda pensou que a magnífica muller vestida de veludo negro era a verdadeira raíña de Escocia e doeulle saber que a raíña de verdade morrera había moito e non a noite en que ela, Miranda, estivera presente.

Ás rapazas encantáballes o teatro, aquel mundo de personaxes máis elevados que os seres humanos que inundaban a escena e a ocupaban coa súa presenza, os seus acenos de deuses e deusas a gobernaren un universo. Pero sempre había unha voz que lembraba outras ocasións mellores. A avoa escoitara de nova a Jenny Lind e consideraba que Nellie Melba estaba moi sobrevalorada. Papá vira a Bernhardt, e *madame* Modjeska non era rival de ningunha clase para ela." Cando Paderewski^{***} tocou por primeira vez na súa

* N. da T.: Johanna Maria Lind (1820–1887), coñecida artisticamente como Jenny Lind, foi unha soprano sueca de gran sona internacional durante a década de 1840. Helen Porter Mitchell (1861–1931), de nome artístico Nellie Melba, foi unha soprano australiana moi célebre a principios do século xx.

** N. da T.: Henriette Marie Sarah Bernard (1844–1923), coñecida como Sarah Bernhardt, foi unha actriz francesa de teatro e do primeiro cinema mudo de gran recoñecemento internacional a finais do século XIX e principios do xx; segue a ser considerada unha das mellores actrices de todos os tempos. Helena Modrzejewska (1840–1909), coñecida como Helena Modjewska, foi unha famosa actriz de teatro polaca especializada en Shakespeare. Tras acadar o éxito no seu país natal, logrou facer carreira nos Estados Unidos e no Reino Unido.

*** N. da T.: Ignacy Jan Paderewski (1860–1941), pianista e compositor polaco que acadou unha gran popularidade en Europa e nos Estados Unidos. Desenvolveu tamén unha importante carreira política e chegou a ser primeiro ministro de Polonia en 1919.

cidade, viñeron primos de todo o estado e saíron desde a casa da avoa para o ir ver. As rapazas foron excluídas desta grande ocasión. Compartiron a emoción da saída e mais o fermoso momento do regreso, cando os primos e as primas se congregaron en grupos con cuncas de café e copas na man, falando baixiño, abraiados e felices. As rapazas, coa sensación de estaren e vivir un grande acontecemento, andaron por alí en camión, a escoitar, até que alguén se decatou e as escorrentou do doce nimbo de toda aquela gloria. Porén, un cabaleiro ancián escoitara a Rubinstein con frecuencia. Non podía evitar ter a sensación de que Rubinstein chegara ao máis alto da interpretación musical e, para el, Paderewski fora unha pequena decepción. As rapazas oían a baduar cunha man en alto, padexando no aire como se estivese a pedir silencio. Os demais miraban para el e escoitaban sen a menor alteración do seu ánimo grave e tenro. Eles nunca viran a Rubinstein; viran, había unha hora, a Paderewski, e por que había que recordar o pasado? Miranda, afastada pola forza, entendendo a medias o que dicía o vello, detestouno. Sentía que ela tamén escoitara a Paderewski.

Había, pois, unha vida alén da vida neste mundo, así como no seguinte; estes episodios confirmábanlles ás rapazas a nobreza da sensibilidade humana, a divindade da visión humana do que non se pode ver, a importancia da vida e da morte, as profundidades do corazón humano, o

* N. da T.: Anton Rubinstein (1829–1894), pianista, compositor e director de orquestra ruso. Considerado un dos mellores pianistas do século XIX, fixo longas e célebres xiras por Rusia, Europa e os Estados Unidos.

valor romántico da traxedia. A prima Eva, tratando de interesalas no estudo do latín durante certa visita, contoulles a historia de John Wilkes Booth, quen, elegantemente vestido cunha longa capa negra, saltara ao escenario despois de asasinar o presidente Lincoln. «Sic semper tyrannis», berrara marabillosamente malia a súa perna rota. As rapazas nunca dubidaron que a cousa sucedera xusto daquela maneira e a lección da historia parecía ser que unha sempre debía ter unha cita latina, ou polo menos unha boa cita de poesía clásica, á man en momentos memorables ou desesperados. A prima Eva lembroulles que ninguén, nin sequera un bo cidadán do Sur, podía aprobar o acto de John Wilkes Booth. Era un asasinato, á fin e ao cabo. Tiñan que lembrar iso. Pero Miranda, afeita á traxedia nos libros e nas lendas familiares —dous tíos avós suicidáranse e unha devanceira remota toleara por amor—, decidiu que, sen o asasinato, non tería sentido o de arraxarse e saltar ao escenario berrando en latín. Así que, como podía censurar tal acto? Era unha boa historia. Coñecía un vello cabaleiro, un parente remoto, que fora moi devoto da arte de Booth e o vira en moitas grandes obras, pero non, desgraciadamente, no seu mellor momento. Miranda lamentábao, co agradable que sería ter o asasinato de Lincoln entre as historias familiares.

O tío Gabriel, que con tanto desespero amara a tía Amy, aínda vivía en algures, aínda que Miranda e Maria non o viran nunca. Marchara lonxe, moi lonxe, tras a súa morte. Seguía a ter cabalos de carreiras e competía con eles en hipódromos célebres por todo o país, e Miranda cría que non


podía haber unha carreira máis brillante no mundo. Casara outra vez, e bastante pronto, e escribíralle á avoa para lle pedir que aceptase a súa nova esposa como unha filla en lugar de Amy. A avoa respondera con frialdade, aceptándoa e convidándoos a visitala, pero, dun xeito ou doutro, o tío Gabriel nunca trouxera a súa esposa á casa. Harry visitáraos en Nova Orleáns e informara de que a segunda esposa era unha moza loira moi guapa e ben criada que, sen dúbida, sería unha boa esposa para Gabriel. Con todo, o tío Gabriel tiña o corazón roto. Unha vez ao ano, puntualmente, escribíralle unha carta a alguén da familia e enviaba diñeiro para unha coroa para a sepultura de Amy. Escribira un poema para poñer na lápida e viñera a Atlanta coa súa segunda muller para se asegurar de que o tallaban como era debido. Nunca puido explicar como escribira aquel poema: desde logo, xamais tentara escribir unha soa rima desde que saíra da escola. Porén, un día que estaba a pensar en Amy, saíulle aquel poema como do aire. Maria e Miranda vírano, impreso en ouro nunha tarxeta de condolencia. O tío Gabriel mandara unha morea delas para repartiren entre a familia.

«Vive de novo quen sufriu a vida,
logo sufriu a morte e, agora liberada,
anxo cantor, esquece
as penurias da vella mortalidade.»

—De verdade cantaba? —preguntoulle Maria a seu pai.

—E iso que máis ten? —preguntou el—. É un poema.

—A min paréceme moi bonito —dixo Miranda, impresionada. O tío Gabriel era primo segundo de seu pai e da tía Amy. Iso achegaba moito a poesía.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 4 DE
MARZO DE 2022, 104 ANOS EXACTOS DESPOIS
DE QUE O CABALO BAI0 DA INFLUENZA QUE
HOUBO LEVAR A MIRANDA E A KATHERINE, E
LEVOU A ADAM, INICIASIASE A SÚA CARREIRA EN
KANSAS

